

PRIMEIRAS QUÍMICAS GALEGAS?

Bermejo Patiño, Manuel R.

Departamento de Química Inorgánica – USC

Gurriarán, Ricardo

IES Xelmirez - SANTIAGO

Liste López, Socorro

IES Pontepedriña – SANTIAGO

INTRODUCCIÓN

Na liña dos estudos que se veñen facendo na actualidade sobre o papel da muller na historia da ciencia pensamos que tamén aquí, en Galicia, houbo mulleres que se decantaron polo estudio da ciencia e a investigación e que, dalgún xeito, contribuíron a abrir as portas a todas as mulleres que se foron incorporando posteriormente.

Foron mulleres que accederon á universidade nunhas condicións pouco favorables xa que o que se esperaba delas era que tiveran unha boa formación nos traballos domésticos para formar unha familia e educar aos fillos.

Intentaremos amosar nesta comunicación cal era a situación da muller na Universidade de Ciencias de Santiago no primeiro tercio do século vinte, en comparación coas outras universidades españolas, e cales foron as primeiras Licenciadas na Facultade de Química, facendo fincapé nas que consideramos máis relevantes por ter publicado na revista Anales de la Sociedad Española de Física y Química.

A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA NA PROMOCIÓN DA MULLER

Na Universidade Compostelá non consta que houbo unha negación expresa á entrada da muller, pero se producían situacións anecdóticas despectivas, ao igual que noutras universidades e que no resto da poboación.

O tema da incorporación da muller aos estudos superiores xerou grandes controversias na prensa e foi tema amplamente debatido chegando incluso a formar parte do contido de discursos científicos importantes.

Estableceremos cal era a presenza de mulleres na universidade compostelá en comparación coas outras universidades e tentaremos sacar algunha conclusión.

A MULLER E A SOCIEDADE ESPAÑOLA DE FÍSICA Y QUÍMICA

A Sociedade Española de Física y Química nace co obxecto de fomentar o estudo e a divulgación das Ciencias, así como para a publicación de traballos científicos. A reunión fundacional da Sociedade ten lugar o día 23 de xaneiro de 1903 no decanato da Universidade Central en Madrid. Pouco tempo despois, no mesmo ano 1903, preséntase en Madrid o primeiro tomo da Revista Anales de la Sociedad Española de Física y Química, onde se irán publicando os traballos de investigación e moitas outras actividades propias da Sociedade.

A presenza da muller en Anales foi lenta, pero en continuo crecemento, chegando a ser de gran importancia as publicacións enviadas dende laboratorios extranxeiros. Malia todo, as mulleres non acadaron cargos directivos de responsabilidade na Sociedade.

Presentaremos nesta comunicación como foi a achega das mulleres á Sociedade e a súa aportación dende as distintas universidades do estado.

PRESENCIA DE MULLERES GALEGAS NA SOCIEDADE ESPAÑOLA DE FÍSICA E QUÍMICA

Presentaremos ás primeiras mulleres galegas que se incorporaron, como socias, á Sociedade Española de Física y Química. Daremos conta de cales publicaron traballos de investigación na Revista Anales facendo unha valoración da súa importancia. Finalmente faremos unha discusión crítica das contribucións presentadas polas científicas galegas cabo das feitas polas científicas españolas do momento.

BIBLIOGRAFÍA

- Anales de la Sociedad Española de Física y Química, 1903 - 1936.
- GURRIARÁN, Ricardo. A investigación científica en Galicia (1900-1940): institucións, redes formativas e carreiras académicas. A ruptura da Guerra Civil.
- MAGALLÓN, Carmen (2004). Pioneras españolas en las ciencias. Consejo Superior de Investigaciones Científicas. Madrid.
- VARELA, Isaura (1989). La Universidad de Santiago de Compostela 1900-1936. Edicións do Castro. A Coruña.